

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

10476 *Real decreto 1191/2012, do 3 de agosto, polo que se establecen normas para o recoñecemento do complemento de pensión para o alugamento de vivenda a favor dos pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva.*

O Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, establece a contía para o ano 2012 do complemento de pensión para o alugamento de vivenda na epígrafe IV.3 do anexo I.A, relativo ás pensións da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva.

O artigo 47.Dous da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2012, establece para o dito ano un complemento de pensión dirixido a aqueles pensionistas de xubilación ou invalidez da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, que acrediten fidedignamente carecer de vivenda en propiedade e residir, como residencia habitual, nunha vivenda alugada por propietarios que non teñan con el relación de parentesco ata o terceiro grao, nin sexa cónxuxe ou persoa con quen constituía unha unión estable e conviva con análoga relación de afectividade á conxugal. Igualmente establece que no caso de unidades familiares en que convivan varios perceptores de pensións non contributivas, só poderá percibir o complemento o titular do contrato de alugamento ou, de ser varios, o primeiro deles.

Así mesmo, esta disposición determina que as normas de desenvolvemento necesarias para regular o procedemento de solicitude, recoñecemento e aboamento deste complemento serán aprobadas polo Goberno, sen prexuízo de que este produza efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2012 ou desde a data de recoñecemento da pensión para aqueles pensionistas que vexan recoñecida a prestación durante 2012.

De acordo con estas previsións e para o seu cumprimento, é necesario ditar as normas de desenvolvemento relativas ao contido, requisitos, procedemento de solicitude, recoñecemento e aboamento do complemento establecido en favor dos titulares de pensións de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, que residan habitualmente nunha vivenda alugada.

Esta norma foi sometida á consulta do Consello Estatal de Persoas Miores e do Consello Nacional de Discapacidade.

Na tramitación do proxecto normativo cumpriuse o trámite de consulta ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2012,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as normas necesarias para o recoñecemento, tramitación e pagamento do complemento anual de pensión previsto na epígrafe IV.3 do anexo I.A do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, e no artigo 47.Dous da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2012, a favor dos titulares de pensión de xubilación e invalidez da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, que acrediten fidedignamente carecer de

vivenda en propiedade e residir de forma habitual nunha vivenda alugada como titular do contrato, sempre que o propietario daquela non teña co pensionista relación conxugal ou de parentesco ata o terceiro grao, nin constituída unha unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade á conxugal.

Artigo 2. *Beneficiarios do complemento.*

1. Terán dereito ao complemento as persoas que cumpran, na data da solicitude, os seguintes requisitos:

- a) Ter recoñecida unha pensión de xubilación ou invalidez da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva, na data da solicitude e na data de resolución.
- b) Carecer de vivenda en propiedade.
- c) Ser titular do contrato de arrendamento da vivenda.
- d) No ter co arrendador da vivenda alugada relación conxugal ou de parentesco, por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o terceiro grao, nin constituír con aquel unha unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade á conxugal.
- e) Ter fixada a súa residencia, como domicilio habitual, nunha vivenda alugada. Entenderase que é o domicilio habitual cando a vixencia do contrato de arrendamento non sexa inferior a un ano e o pensionista residise nela durante os 180 días inmediatamente anteriores.

2. Se na mesma vivenda alugada conviven dúas ou máis persoas que teñan recoñecida unha pensión da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva, só terá dereito a este complemento aquel que sexa o titular do contrato de arrendamento ou, de seren varios, o primeiro deles.

Artigo 3. *Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.*

A tramitación do procedemento para o recoñecemento deste complemento de pensión e a emisión da resolución que poña fin ao dito procedemento correspóndelles aos órganos competentes das respectivas comunidades autónomas, deputacións forais do País Vasco e Navarra e direccións territoriais do Instituto de Maiores e Servizos Sociais de Ceuta e Melilla, que teñen atribuída a competencia para a xestión das pensións non contributivas da Seguridade Social.

Artigo 4. *Solicitude e prazo de presentación.*

O procedemento para o recoñecemento do dereito ao complemento iniciarao o pensionista non contributivo ou o seu representante legal a través da presentación, ata o 31 de decembro de 2012, dunha solicitude que se deberá dirixir ao órgano competente en función do domicilio do pensionista e que se poderá descargar a través da páxina web do Imserso.

A solicitude poderase presentar nos rexistros e oficinas a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, a solicitude poderase presentar por medios electrónicos naquelas comunidades autónomas que teñan habilitados tales medios nas súas relacións cos cidadáns.

Artigo 5. *Acreditación dos requisitos.*

1. A acreditación do cumprimento dos requisitos que o pensionista non contributivo debe reunir para ter dereito a percibir este complemento efectuarase pola declaración que realice o pensionista e xustificarse a través da seguinte documentación:

- a) O requisito de carecer de vivenda en propiedade, acreditarase por certificado catastral telemático.

b) O requisito de ser titular do contrato de arrendamento da vivenda xustificárase mediante fotocopia compulsada do contrato de arrendamento en que figure a localización da vivenda, a identificación do arrendador e do arrendatario e a duración do contrato. No caso de contratos de arrendamento non formalizados por escrito, a condición de arrendatario acreditarase por calquera medio de proba válido en dereito.

c) O requisito de residencia habitual nunha vivenda alugada acreditarase, preferentemente, coa información contida no respectivo padrón municipal.

d) O requisito de non ter co arrendador da vivenda alugada relación conxugal ou de parentesco ata o terceiro grao nin constituír con aquel unha unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade á conxugal acreditarase mediante declaración responsable do pensionista en que conste que o arrendador ou arrendadores da vivenda alugada non teñen con el relación de parentesco, por consanguinidade, afinidade ou adopción, ata o terceiro grao, nin conxugal nin de unión estable e de convivencia.

2. O órgano xestor competente solicitará de oficio, mediante consulta nos ficheiros públicos dispoñibles, os datos, documentos e certificacións necesarios para acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos e, en especial, a certificación acreditativa de propiedades na oficina virtual do catastro e o certificado sobre o domicilio de empadramento a que se refire o número 1 deste artigo, na forma prevista no Real decreto 523/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a exixencia de achegar o certificado de empadramento como documento probatorio do domicilio e residencia nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

Artigo 6. *Resolución.*

1. As resolucións ditaranse e notificaránselles ás persoas solicitantes no prazo máximo de tres meses, contado desde a data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do órgano competente para a súa tramitación.

2. As notificacións practícaranse de conformidade cos termos previstos nos artigos 58 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. A resolución poderá ser obxecto de reclamación previa á vía xurisdiccional da orde social. A dita reclamación previa interporase ante o órgano que ditou a resolución, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

4. Transcorrido o prazo máximo establecido sen que se ditase e se notificase resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo, conforme o disposto na disposición adicional vixésimo quinta, número 3, do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, sen prexuízo da resolución que se dite conforme o artigo 43.3 b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 7. *Contía do complemento.*

A contía do complemento para o ano 2012 ascenderá a 525 euros anuais.

Artigo 8. *Devindicación e pagamento do complemento.*

O complemento de pensión percibirase anualmente na contía fixada no artigo anterior e aboarase nun único pagamento que se fará efectivo con anterioridade ao 31 de decembro de 2012.

Non obstante, para aqueles pensionistas aos cales non se lles puidese aboar o complemento na data indicada no parágrafo anterior, este farase efectivo, como máximo, dentro do primeiro semestre seguinte á dita data.

Disposición adicional única. *Exclusión do complemento no cómputo de ingresos para manter o dereito á pensión non contributiva da Seguridade Social.*

A contía do complemento de pensión recoñecido aos perceptores de pensión de xubilación ou de invalidez da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, estará excluída do cómputo de rendas ou ingresos para os efectos de determinar o mantemento do dereito á dita pensión.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílase a persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de agosto de 2012.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,
ANA MATO ADROVER